

**Número 6 - Ano 2022.**

**ACTA**

**da sesión EXTRAORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día**

**17 de xuño de 2022**

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e cinco minutos do día dezasete de xuño de dous mil vinte e dous; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense por medios telemáticos os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Sostibilidade Urbana; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac3538502061392451830.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17 DE XUÑO DE 2022

A presente sesión foi convocada por resolución da Alcaldía de data 14 de xuño de 2022 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme á seguinte ORDE DO DIA:

1/79 APROBACIÓN MUNICIPAL, EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO PARÁGRAFO TRES DA ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRESTRUTURAS (CMATI) DO 29-04-11 (DOG Nº 94 DO 16-05-11), DA PARTE DO "PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL", REDACTADO POR EPYPSA, RELATIVA Á SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS SINALADAS NO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DE DATA DO 13 DE OUTUBRO DE 2020.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, o seguinte ACORDO:

**1/79 APROBACIÓN MUNICIPAL, EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO PARÁGRAFO TRES DA ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRESTRUTURAS (CMATI) DO 29-04-11 (DOG Nº 94 DO 16-05-11), DA PARTE DO "PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL", REDACTADO POR EPYPSA, RELATIVA Á SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS SINALADAS NO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DE DATA DO 13 DE OUTUBRO DE 2020.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

**1.- PROPOSTA DO TENENETE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA**, do 3 de xuño de 2022, que seguidamente se transcribe:

"Examinado o expediente de referencia, tramitado polo Negociado de Planeamento e visto o informe do Servizo de Urbanismo de data do 3-06-2022, cuxa parte expositiva é do seguinte teor literal:

Examinado o expediente de referencia cómpre informar o seguinte:

### FEITOS

I.- Con data do 21-11-12 rexistrouse de entrada neste Concello o proxecto, redactado por "EPYPSA", que contiña as correccións derivadas do cumprimento das observacións e reparos sinalados en relación coas áreas e determinacións que non foron obxecto de aprobación definitiva na Orde da CMATI do 29-04-11. Esta Orde estableceu na súa parte dispositiva:

*"1.- Aprobar definitivamente, de forma parcial, o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo, deixando en suspenso as áreas e determinacións obxecto de reparos no punto II anterior e, nomeadamente, os ámbitos sinalados no anexo a esta orde.*

2.- *Cómpre achegar un documento refundido, axustado ao acordo de aprobación municipal plenaria de data do 30-12-2010, que introduza as modificacións esixidas de resultas dos informes sectoriais sinalados no punto II.1 anterior; dos informes dos servizos técnicos e xurídicos municipais de data do 9-12-10; dos acordos de modificación adoptados no seo da sesión plenaria sinalada; e do propio contido do corpo desta orde.*

3.- *No eido dos ámbitos suspendidos e determinacións que quedan fóra desta aprobación, o concello deberá introducir as correccións necesarias e, tras a súa aprobación plenaria, serán elevados novamente ante esta consellería para a súa aprobación definitiva*”.

II.- O Concello Pleno, con data do 3-12-12, acordou aprobalo e remitilo á devandita Consellería para a súa aprobación definitiva. A CMATI, con data do 7-02-13, formulou un requirimento de subsanación de deficiencias documentais, que foi cumprimentado por este Concello con data do 27-02-13. Desta subsanación deuse conta ao Concello Pleno na sesión celebrada con data do 4-03-13.

III.- Con data do 16-04-13 rexistrouse de entrada neste Concello un informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, de data do 12-04-13, relativo ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo, emitido a instancia da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia en virtude da solicitude formulada por esta con data do 15-03-13. Neste informe se sinalan unha serie de deficiencias a subsanar impoñendo, entre outras condicións, o deber do Concello de realizar estudos Hidrolóxicos-Hidráulicos de todos os cauces afectados ao seu paso polos solos que se sinalan no mesmo.

IV.- Con data do 17-04-13 recibíuse por fax neste Concello a Orde do 16-04-13 do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas pola que se resolve a suspensión do prazo para resolver a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo en relación cos ámbitos suspendidos na anterior Orde do 29-04-11. A devandita Orde rexistrouse de entrada neste Concello con data do 19-04-13 e ditouse con fundamento no informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil rexistrado de entrada na CMATI con data do 12-04-13.

V.- Por escrito, de data do 2-09-16, do Concelleiro Delegado de Urbanismo solicitouse á Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a remisión a este Concello dun informe-borrador en relación cos ámbitos suspendidos na Orde da CMATI, de data do 29-04-11, por razóns alleas ás relativas ao informe hidrolóxico-hidráulico esixido na súa Orde posterior do 16-04-13, o cal foi recibido neste Concello con data de rexistro de entrada do 6-10-16.

VI.- A empresa encargada da redacción do PXOM (EPYPSA) rexistrou de entrada neste Concello o día 12-09-18 dous exemplares do estudo “ELABORACIÓN DE MAPAS DE PERIGOSIDADE E RISCO DE INUNDACIÓN NECESARIOS PARA A APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DE LUGO”. Posteriormente, con data do 20-11-18, rexistrou tamén de entrada neste Concello outros dous exemplares do devandito Estudo e o Servizo Municipal de Medio Ambiente emitiu un informe, con data do 22-11-18, poñendo de manifesto que os documentos que o integran cumpren os requisitos necesarios para a súa tramitación.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac3538502061392451830.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17 DE XUÑO DE 2022

VII.- Por parte do Concello remitiuse este Estudo, para o seu informe, á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, rexistrándose de entrada na mesma con data do 28-11-18. O informe solicitado foi emitido polo mencionado Organismo de Cuenca con data do 28-2-19 e rexistrado de entrada neste Concello o día 7-03-19.

VIII.- Con data do 4-06-20 rexistrouse de entrada neste Concello por parte de EPYPSA a documentación do PXOM subsanatoria das deficiencias sinaladas na Orde da CMATI de data do 16-04-13.

IX.- Esta documentación, despois de ser informada polos Servizos Municipais competentes, foi obxecto de aprobación polo acordo da Xunta de Goberno Local de data do 22-07-2020 e polo acordo plenario de data do 30-07-2020, nos seguintes termos literais:

Acordo da Xunta de Goberno Local do 22-7-2020:

**"PRIMEIRO.-** APROBAR en cumprimento do establecido no parágrafo tres da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) do 29-04-11 (DOG nº 94 do 16-05-11) e de conformidade co informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, de data do 28 de febreiro de 2019, a PARTE DO "PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL", redactado por EPYPSA, relativa á "DOCUMENTACIÓN DO PXOM SUBSANATORIA DAS DEFICIENCIAS SINALADAS NA ORDE DA CMATI DE DATA DO 16-04-13", con base no seu previo estudo "Elaboración de Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación necesarios para a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Lugo".

**SEGUNDO.-** Someter á aprobación do Pleno da Corporación o presente expediente."

Acordo plenario do 30-7-2020:

**"PRIMEIRO.-** APROBAR en cumprimento do establecido no parágrafo tres da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) do 29-04-11 (DOG nº 94 do 16-05-11) e de conformidade co informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, de data do 28 de febreiro de 2019, a PARTE DO "PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL", redactado por EPYPSA, relativa á "DOCUMENTACIÓN DO PXOM SUBSANATORIA DAS DEFICIENCIAS SINALADAS NA ORDE DA CMATI DE DATA DO 16-04-13", con base no seu previo estudo "Elaboración de Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación necesarios para a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Lugo".

**SEGUNDO.-** REMITIR este acordo, xunto co expediente e o devandito instrumento de planeamento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) pola vía do art. 85.7 da LOUGA cara ao exame da integridade documental tanto do proxecto aprobado como do expediente e das actuacións administrativas realizadas e pola vía do art. 60.15 da LSG para a emisión do seu informe preceptivo e vinculante en relación cos extremos que neste precepto legal se sinalan".

X.- Con data do 15-10-2020 rexistrouse de entrada neste Concello o informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de data do 13-10-2020, no que se sinalan unha serie de deficiencias a subsanar.

XI.- Posteriormente, con data do 26-05-2022, EPYPSA presentou por rexistro de entrada a documentación subsanatoria das deficiencias sinaladas no devandito informe da devandita Dirección Xeral. Esta documentación foi informada favorablemente, con data do 2-6-2022, polos Servizos Municipais de Arquitectura, Enxeñería, Arqueoloxía e Medio Ambiente nun informe conxunto emitido ao efecto.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** A Orde do 29-04-11 (DOG nº 94 do 16-05-11) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) da Xunta de Galicia resolveu aprobar definitivamente, de forma parcial, o PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE LUGO, sinalando unha serie de observacións e reparos correspondentes ás áreas e determinacións que non foron obxecto de aprobación definitiva na mesma. Literalmente a devandita Orde estableceu no parágrafo terceiro da súa parte:

*"3.- No eido dos ámbitos suspendidos e determinacións que quedan fóra desta aprobación, o concello deberá introducir as correccións necesarias e, tras a súa aprobación plenaria, serán elevados novamente ante esta consellería para a súa aprobación definitiva".*

Tal como se expón nos anteriores Feitos, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu un informe, con data do 13 de outubro de 2020, sinalando unha serie de deficiencias á documentación aprobada polo Concello Pleno na sesión celebrada con data do 30-07-2020.

En consecuencia, coa documentación elaborada por EPYPSA e rexistrada de entrada neste Concello con data do 26-05-2022, complétase a subsanación das deficiencias sinaladas polo órgano autonómico en relación coa totalidade do ámbito territorial que non foi obxecto de aprobación definitiva pola Orde, do 29-04-11, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (coñecido comunmente neste Concello como o 5%).

**SEGUNDO.-** Esta última documentación elaborada polo equipo redactor EPYPSA, tal como se expón nos anteriores Feitos, foi informada favorablemente no informe conxunto dos Servizos Municipais de Arquitectura, Enxeñería, Arqueoloxía e Medio Ambiente, emitido con data do 2-6-2022, unha vez analizado o seu contido.

A fiscalización deste contido, dende a perspectiva da debida motivación que deber ter un instrumento de planeamento como o PXOM en aras á xustificación das súas determinacións, en especial en relación cunhas clasificacións do solo de carácter regrado como son as do solo rústico de especial protección (expl. agropecuaria, forestal e augas, definidas nos artigos 34.2-a) -b) -c) da LSG respectivamente) contempladas no presente proxecto, foi perfilada nunha reiterada xurisprudencia que concluíu que, no caso da revisión dun Plan Xeral non é necesario xustificar a nova clasificación do solo finca por finca, senón en termos máis amplos, principais, de grandes liñas (STS 25-07-02, 11-02-04 y 26-01-05), nesta última afirmase expresamente: *"Reconociéndose, por tanto, la potestad de la Administración para alterar, modificar, revisar o formular ex novo un planeamiento urbanístico, debe centrarse la cuestión en que la actividad en que se concreta esa potestad debe estar suficientemente justificada, y apoyada en datos objetivos, para impedir que la impropiidad en el ejercicio de que el "ius variandi", atente a los límites racionales*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac3538502061392451830.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17 DE XUÑO DE 2022

*y naturales de la discrecionalidad que se reconoce. Esto es, que reconocida tal posibilidad de cambio, la misma, sin embargo, como hemos señalado, ha de venir avalada, como cualquier actuación administrativa, por la correspondiente motivación y justificación. Debe, sin embargo, advertirse de la diferente exigencia e intensidad de motivación, en función del nivel o profundidad del cambio que se efectúa, y recordarse que, en el supuesto de autos, estamos en presencia de una Revisión del planeamiento (en concreto, de un PGOU) y no de una simple Modificación del mismo. Como hemos puesto de manifiesto, entre otras muchas en la STS de 17 de abril de 1991 «sabido es que aquélla es una reconsideración integral o total del planeamiento anterior para ajustarlo a la realidad que contempla la Revisión», y, en orden a su necesaria motivación, se señala que la «motivación general es más que suficiente cuando se trata de una Revisión, que no tiene porqué descender al detalle del cambio de clasificación de tal o cual punto concreto del territorio sobre el que se proyecta, lo cual es propio de la Modificación».*

Congruentemente con este criterio xurisprudencial, o Estudo de Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación elaborado polo Concello e informado favorablemente pola CHMS, aporta ao traballo realizado a necesaria obxectividade (esixida xurisprudencialmente como antes se indicou), en orde a determinar as características propias dos terreos (“teoría dos feitos determinantes”, tamén denominada “forza normativa do fáctico”), na análise pormenorizada que se fai do solo na documentación que agora se somete a aprobación. Dende esta perspectiva cómpre reiterar a fiscalización positiva que se fai no informe conxunto dos Servizos Técnicos Municipais (Arquitectura, Enxeñería, Arqueoloxía e Medio Ambiente) de data do 2-6-2022, obrante no expediente, ao cal me remito como motivación e fundamento da proposta de acordo que se formula no presente informe.

**TERCEIRO.-** En relación coa tramitación que deba seguirse cara a acadar a aprobación definitiva deste documento cómpre remitirse, en principio, ao parágrafo terceiro da parte resolutiva da Orde do 29-04-11, que volvemos a transcribir: “No eido dos ámbitos suspendidos e determinacións que quedan fóra desta aprobación, o concello deberá introducir as correccións necesarias e, tras a súa aprobación plenaria, serán elevados novamente ante esta consellería para a súa aprobación definitiva”.

A entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), ten incidencia non só no ámbito procedimental senón tamén no ámbito competencial cara a aprobación definitiva do presente proxecto subsanatorio das deficiencias sinaladas na Orde da CMATI do 16-04-13. A teor do disposto na súa disposición transitoria segunda os plans aprobados provisionalmente antes da súa entrada en vigor, como ocorre no presente caso, podrán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva a teor das normas procedimentais e determinacións da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) e a competencia para a súa aprobación rexeráse polo réxime establecido na LSG.

En relación coa súa tramitación, a remisión que se fai á LOUGA sitúanos no seu artigo 85.7, segundo o cal, unha vez acadada a aprobación municipal da devandita documentación e remitida posteriormente á CMATV, ésta no prazo dun mes

examinará con carácter previo a integridade documental tanto do proxecto do plan como do expediente e das actuacións administrativas realizadas e, de apreciarse a omisión ou defectuosa celebración dalgún trámite, ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación do proxecto, requirirá a subsanación das deficiencias observadas, fixando prazo ao efecto.

Segundo o establecido nos artigos 61.2 e 60.15 da LSG a competencia para a aprobación definitiva corresponde a este Concello (por ter unha poboación superior a 50.000 habitantes), previo o informe preceptivo e vinculante da Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) en relación cos extremos sinalados no art. 60.15 da LSG, a emitir nun prazo de tres meses dende a entrada do expediente completo no seu Rexistro, con silencio positivo no caso do seu transcurso sen a súa emisión.

En resumo, os trámites a levar a cabo en síntese son os seguintes:

- Aprobación Municipal (parágrafo 3 da Orde da CMATI do 29-04-11) da documentación elaborada por EPYPSA, en cumprimento do establecido no parágrafo tres da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) do 29-04-11 (DOG nº 94 do 16-05-11), da parte do "PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL" relativa á subsanación das deficiencias sinaladas no informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data do 13 de outubro de 2020.
- Remisión do expediente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) pola vía do art. 85.7 da LOUGA cara ao exame da integridade do proxecto, do expediente e das actuacións administrativas realizadas, e pola vía do art. 60.15 da LSG para a emisión do seu informe preceptivo e vinculante en relación cos extremos sinalados no mesmo.
- Unha vez recibido o devandito informe da CMATV, si fora emitido con carácter favorable, procederase á aprobación definitiva por este Concello.

Posteriormente, cara a súa entrada en vigor, en virtude do establecido nos artigos 62.3, 82 e 88 da LSG, realizaranse os seguintes trámites:

- Publicación do acordo de aprobación definitiva no DOG, no prazo dun mes desde a súa adopción. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a referencia ao enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro do plan a disposición do público.
- Remisión dun exemplar deste instrumento de planeamento en soporte dixital, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Sendo esta inscrición requisito de eficacia do acordo de aprobación definitiva.
- Publicación no BOP do documento que conteña a normativa e ordenanzas.

**CUARTO.-** Relacionado co tema dos trámites procedimentais está o concepto de "modificación substancial", concepto xurídico indeterminado que foi xurisprudencialmente definido nos seus contornos xerais ao analizar as modificacións introducidas na aprobación definitiva do planeamento en relación co contido do proxecto que se houbera aprobado provisionalmente cara á posible esixencia dunha nova información pública (por analogía co art. 85.8 da LOUGA).

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac3538502061392451830.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17 DE XUÑO DE 2022

Tal como se cita nas sentenzas do TSXG nº 466/2004, 119/2005, nº 1093/2007, nº 1094/2007, e nas sentenzas de data do 12-07-12 (LA LEY 114771/2012) e de data do 26-07-12 (LA LEY 116674/2012), que se remiten á sentenza do TS de 4-5-99, un novo trámite de información pública só é necesario cando no trámite de aprobación definitiva do plan se introducen modificacións con respecto ao que foi obxecto de aprobación provisional, que supoñan unha modificación esencial na concepción, desenvolvemento e finalidades do plan provisionalmente aprobado; nesa sentenza do TS non se consideraron modificacións esenciais as relativas á exclusión como solo urbano de terreos comprendidos en plans parciais, nova delimitación de solo urbanizable programado, modificación do programa de actuación e adecuación do Estudo Económico Financeiro, elaboración do Catálogo de protección de edificios, supresión e modificación de preceptos de Normas Subsidiarias, e inclusión dunha nova unidade de actuación.

No informe conxunto dos Servizos Municipais de Enxeñería, Medio Ambiente e Arquitectura, emitido con data do 2-6-2022, analízase esta cuestión nos termos literais que a continuación se transcriben, concluíndo que no presente caso non se producen modificacións substanciais: *“De todo o referido se infire, que neste documento que se analiza non houbo cambios, nin na clasificación nin na cualificación do solo, nin en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, en cantidade ou importancia que impliquen alteración del modelo territorial. Así pois, as modificacións introducidas, anteriormente expostas, non alteran substancialmente o contido do proxecto aprobado provisionalmente, nin teñen incidencia sobre o modelo territorial global. Considérase do relatado polo equipo redactor que non se produciu unha modificación esencial nin na concepción, nin no desenvolvemento nin nas finalidades do Plan aprobado provisionalmente.*

*Como conclusión reitérase que, os aspectos cuantitativos e cualitativos do PXOM non se modifican de xeito esencial e polo tanto non implican alteracións do modelo territorial do Plan Xeral aprobado provisionalmente con data 23 de xaneiro de 2009 que se define pola súa concepción, desenvolvemento e finalidade.”*

Este Concelleiro-Delegado, propón que, polo Excmo. Concello Pleno, se adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** APROBAR en cumprimento do establecido no parágrafo tres da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) do 29-04-11 (DOG nº 94 do 16-05-11) e de conformidade co informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, de data do 28 de febreiro de 2019, a parte do “PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL”, redactado por EPYPSA, relativa á subsanación das deficiencias sinaladas no informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data do 13 de outubro de 2020.

**SEGUNDO.-** REMITIR este acordo, xunto co expediente e o devandito instrumento de planeamento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) pola vía do art. 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) cara ao exame da integridade documental tanto do proxecto aprobado como do expediente e das actuacións administrativas realizadas e pola vía do art. 60.15 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro,



do solo de Galicia (LSG) para a emisión do seu informe preceptivo e vinculante en relación cos extremos que neste precepto legal se sinalan.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE SOSTIBILIDADE URBANA E COHESIÓN TERRITORIAL, emitido na sesión celebrada o día 14 de xuño de 2022.

Solicitada polo voceiro do Grupo Municipal Popular a retirada do asunto para un mellor estudo, sómétese a votación esta petición, cos seguintes resultados:

**Votos emitidos: 25**

- Votos a favor: 10, do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Votos en contra: 13, dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Abstencións: 2, do Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo

Ó non se acadar a maioría establecida no artigo 92.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en concordancia co artigo 65.3 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, queda rexeitada a petición formulada e procédese á votación da proposta de acordo, na que se obteñen os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 25**

- **Votos a favor:** 8 do Grupo Municipals do Partido Socialista de Galicia-PSOE.
- **Votos en contra:** 5 do Grupo Municipal o Bloque Nacionalista Galego
- **Abstencións:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, ao non acadarse o quórum de maioría absoluta requirido no artigo 123.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, **ACORDA REXEITAR** a proposta anteriormente transcrita.

**DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois moi bos días a todos e a todas. Imos dar comezo á sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe, cun único punto da orde do día, e cos tempos establecidos na Xunta de portavoces, que acordamos pois ter o dobre de tempo, tamén pola importancia deste asunto. Polo tanto, pois, imos dar comezo coa lectura do punto que hoxe imos debater. Secretario.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac3538502061392451830.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17 DE XUÑO DE 2022

- **SECRETARIO:** Punto primeiro: aprobación municipal, en cumprimento do establecido no parágrafo 3 da Orde da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestructuras, do 29 de abril de 2011, da parte do Proxecto de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, redactado por Epypsa, relativa á subsanación das deficiencias sinaladas no Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de data 13 de outubro de 2020.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois, imos entón iniciar o debate. Para iso, pois ten a palabra o delegado da Área e Tenente de Alcaldesa de Urbanismo Sostible. Como dicíamos, pois, seis minutos.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Bos días a todas e a todos. Moitas grazas, señora Alcaldesa. Efectivamente, hoxe é un día importante para a cidade de Lugo, un día ansiado pola súa demora na posible materialización da colmatación, da aprobación do ordenamento urbano desta cidade e un día importante pola necesidade que significa que aquelas institucións, aquelas administracións, que temos a potestade reguladora dos aspectos que afectan á vida dos nosos veciños e veciñas, poidamos velo materializado e, polo tanto, darlles seguridade, certeza, dentro da discrepancia da maior ou menor satisfacción que eles poidan obter pola proposta ou por aqueles proxectos que se materialicen.

Creo que é escusado e incluso sería unha perda de recursos, falar moito do pasado: todos o coñecemos e probablemente todos teñamos unha interpretación ou unha valoración do que ten sucedido. O certo é que a realidade significa e é que Lugo non ten o 100% do seu planeamento urbanístico aprobado, quedando, ou restando por aprobar, ese chamado 5% que en realidade abrangue unha superficie superior ao 5% e ten unha afectación superior ao 5%, pero que afecta a diferentes núcleos rurais, en 21 parroquias, sobre 70 núcleos rurais, e afecta tamén a zonas industriais tan importantes e relevantes, como a zona norte do polígono do Ceao, que non estaba colmatada, que non estaba perimetrado o seu alcance, e que polo tanto non podía ter un desenvolvemento certo. Que afecta a zonas tamén con importante fluxo ou actividade, como pode ser a zona de Muxa, a entrada a Lugo pola estrada de Ribadeo, onde fóra da ordenación houbo un asentamento residencial e houbo tamén asentamento industrial e que necesariamente debemos regular.

Ou tamén a necesidade de desenvolver nun marco máis discutible ou menos ese entorno do HULA, para que poida dotarse de servizos, para que poida dotarse de solucións habitacionais, e tamén de recursos que necesitamos os centos de miles de usuarios que por alí pasamos e que poidan tamén mellorar e substanciar a oferta de prestacións e facer máis factible ou máis agradable a visita.

Isto por falalo, en xeral, pero do rural non é nada desprezable: 70 núcleos, con zonas de expansión, posibles zonas de expansión, non identificadas, con núcleos rurais non determinados, significan unha incerteza, a incerteza dá inseguridade e a inseguridade provoca indefensión. E é un claro bloqueo das expectativas ou da capacidade de promover, de impulsar iniciativas que xeren actividade, asentamento

da poboación, enriquecemento, aproveitamento, mellora paisaxística. Todo aquilo que consideren por unha indefinición.

E creo que os políticos estamos chamados a ter a solvencia suficiente para, nun sentido ou noutro, pronunciarnos e dar concreción e definición aos nosos veciños e veciñas. Isto, estamos falando da subsanación dos erros, das correccións que se nos requiren sobre unha aprobación inicial. Non estamos falando do impulso ou da posta en marcha dunha aprobación inicial sobre un planeamento promovido ou idealizado en torno a aqueles aspectos que cada un consideremos.

Hai unha aprobación inicial e, sobre ela, unhas consideracións técnicas, fundamentalmente técnicas, que hai que atender, e que agora se lles dá cumprida atención nun consenso e nunha forma de traballar, que hai que poñer en valor. Creo que este xeito de traballar entre institucións, é dicir, administrativamente, e entre institucións, non como administracións, entre institucións, ten que ser exemplar, porque esta é a forma de desenvolver as iniciativas coa priorización do interese xeral, sobre calquera dos particulares que poida desviar a atención ou a acción das propias administracións ou dos propios grupos políticos.

Un traballo, de analizar o tema desde a imparcialidade técnica, un traballo de identificar a onde se pode chegar e un traballo de dicir: "temos que entendernos, porque as nosas pataletas non se poden traducir en incerteza, en inseguridade e, polo tanto, nunha dificultade, para desenvolver a vida dos nosos veciños.

Pero hai unha cousa e unha razón moi importante para aprobar hoxe esta parte pendente do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo, que creo que todos somos conscientes, e se nos mergullamos un pouco no Plan Xeral, que xa está chamando por corrixilo, por modificalo, por actualizalo, en determinados ámbitos. Algo que sería moi difícil ou practicamente imposible e, seguramente, inxusto facelo sen ter en conta ese 5%, que é máis do 5%, que está agora mesmo á marxe da orde. E eso é o que temos que pensar. E é ao que apelo hoxe. Ordenemos o territorio e, a partir de aí, consensuemos as correccións que sexan necesarias para que non só todo estea nunha seguridade xurídica, dentro dunha orde administrativa...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Finalizou o seu tempo. Quenda agora para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Hola, buenos días a todos. Pues efectivamente hoy estamos aquí para que este pleno vote el 5% del PXOM que quedó pendiente de aprobación ya en el 2011. Una vez que se han justificado debidamente alguna de las propuestas de ordenación realizadas en aquel tiempo. Debemos recordar que había que cumplir con requerimientos realizados por la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil y por las Áreas de Medio ambiente y Urbanismo de la Xunta, y finalmente los cambios más significativos son la supresión de zonas urbanizables de nueva creación, que se proponían, como Bocamaos, Pedrera o Fixós. De hecho, esta última fue objeto de investigación judicial y despertó en la sociedad lucense gran controversia.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac3538502061392451830.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17 DE XUÑO DE 2022

Igualmente se suprimen distintas zonas, como Bosende, áreas de suelo urbanizado no delimitado, que pasan a clasificarse como rústico.

Es decir, que la capacidad residencial del PXOM se reduce, sin embargo, no parece que esto tengo una incidencia mayoritaria en ningún sentido, ya que esta reducción es sobre la capacidad residencial máxima que se preveía para un municipio de 300.000 habitantes.

La aprobación de este 5 % del PXOM llega con más de una década de retraso, y sin duda es algo que hay que hacer más que nada por dar seguridad jurídica a los eventuales afectados, pero eso no significa que estemos de acuerdo con este plan, ni que sea bueno ni conveniente para Lugo. Estamos hablando de un plan totalmente obsoleto, planificado para una ciudad de más de 300.000, una meta a todas luces inalcanzable e imposible de justificar desde cualquier punto de vista. Pensemos que habitualmente el tiempo de vigencia de un Plan General de Ordenación suele estar entre 10 y 12 años, plazo que está a punto de cumplirse y sin embargo solo hay que contemplar los datos de población lucense para darse cuenta de que en la última década apenas ha crecido su población. Pero no ha sido así en otras ciudades gallegas, por todas Santiago de Compostela, que hemos podido ver recientemente cómo nos adelantaba en número de habitantes. Cuestión esta inédita en la demografía gallega y que deja claro el parón y estancamiento que Lugo está sufriendo, situación esta que no parece que vaya a revertirse a corto o medio plazo.

Y es que en lugar de estar debatiendo sobre la aprobación de este 5 % del PXOM más de diez años después de cuando se debía haber hecho, lo que tendríamos que estar es trabajando en un nuevo Plan, adecuado a un nuevo contexto social y económico, que mire al futuro y se convierta en un motor para el avance de Lugo y no en un lastre del desarrollo económico, que es lo que ha supuesto y supone en la actualidad este plan. Sin embargo, nada hemos escuchado al respecto, y el nuevo plan que tanto necesita Lugo ni está ni se le espera, pero eso no quiere decir que no sea necesario. Sin duda la pandemia y los avances sociales han cambiado mucho el escenario respecto a hace una década, cambios que deben tener acogida en nuestro Plan de Ordenación, desde una perspectiva más inclusiva y con una mayor conciencia medioambiental. Y al tiempo ser capaz de abordar temas concretos que mejoren el día a día de los lucenses. Necesitamos aportar soluciones a la movilidad, acabar con zonas saturadas, con los atascos reiterativos, con los problemas de aparcamiento. Es necesario diseñar y abrir nuevos viales, desarrollar vías estratégicas de comunicación y estacionamiento, y por supuesto ejecutarlas, porque nos debemos escapar de situaciones como la que este mismo grupo denunciaba respecto a la Avenida Vilaverde, en la cual desde el Gobierno Municipal se nos aseguró que estaba trabajando, pero nada hemos sabido al respecto de la ejecución de esta vía estratégica, que, junto con la apertura de otros viales que desembocan en Fontiñas, podría a ayudar a solucionar los problemas de tráfico que esta zona padece.

No avanzar en este tipo de actuaciones marca el presente y el futuro de Lugo convirtiendo en protagonista el estancamiento de la ciudad que cada vez se agudiza más.

Decíamos que Lugo necesita un plan comprometido con el medio ambiente, porque es necesario dar protagonismo al río Miño de una vez por todas. Debemos ser capaces de vertebrar un proyecto común en torno al río, que apueste por un desarrollo que potencie su riberas, desde un punto de vista social, como un punto de encuentro, pero también desde un punto de vista económico, donde se incentive la creación de riqueza, favoreciendo la implantación de actividades privadas, no sólo de hostelería, que también, sino en torno a las actividades deportivas, de ocio y tiempo libre.

Es necesario tener un plan maestro para proteger nuestro patrimonio. Necesitamos un hoja de ruta clara, que no suponga gobernar a golpe de improvisación de peatonalizaciones aisladas, que no se coordinan con el resto de proyectos de la ciudad, que provocan daños colaterales que no hacen que Lugo sea una ciudad mejor.

Si algo hemos aprendido es que para la redacción de este nuevo plan, que sin duda urge, debemos analizar desde todos los puntos de vista la ciudadanía, los promotores, las administraciones públicas, cuáles son los lugares de especial sensibilidad para conseguir encontrar ese equilibrio necesario entre el mantenimiento y la transformación de nuestra ciudad.

Igualmente es urgente actuar en el Casco histórico de Lugo. Es necesario aprobar un nuevo PEPRI, que permita avanzar y progresar, y por supuesto se haga respetando nuestro riquísimo patrimonio, que tenemos en Lugo. El actual PEPRI se ha demostrado ineficaz, y más que una herramienta para progresar y rehabilitar se ha convertido en un escollo a superar. El PEPRI tiene grandes retos, como el barrio del Carmen, o el aparcamiento detrás del Hospital de los Ojos Grandes, pero por supuesto, el centro de Lugo. No podemos ver impasibles cómo el centro se vacía cada día. Cada vez es más difícil acceder a él. Cada vez existen menos soluciones efectivas de aparcamiento, lo que ha provocado que autónomos y comerciantes cierren sus negocios abiertos desde hace décadas. Es desolador observar cómo abren nuevos negocios después de fuertes inversiones, pero cierran al poco tiempo de estar abiertos.

Es imperdonable que la poca iniciativa que decide invertir en el centro de Lugo se vea frenada por las licencias que nunca llegan. Y es que el tema de las licencias ya es un tratamiento a parte. Somos conscientes de que el Gobierno local ha tomado medidas, pero claramente son insuficientes. Es necesario que se tome conciencia de la importancia, de que se expidan licencias de forma ágil. Es la única forma de crear riqueza y, en consecuencia, de financiar y garantizar el mantenimiento de los servicios públicos. Si autónomos y empresas no producen, no crean, no dan servicios, la sociedad del bienestar se acaba.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois queda agora para o portavoz do BNG.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. Moi bo día a todas e todos. Efectivamente este proceso do Plan Xeral, pois foi un proceso demasiado longo. Tan longo que as persoas que estaban no seu inicio no pleno municipal ou as

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac3538502061392451830.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17 DE XUÑO DE 2022

persoas que o aprobaron no 2011, pois xa non teñen nada que ver coas que estamos aquí, de tanto tempo que pasou. E ademais durante estes períodos, pois a sociedade, a economía pois cambiou moitísimo, incluso a cidade. Entón estamos a falar case dun documento que leva pois un rebufo importante do que é a realidade actual.

Ben, no 2011, cando en xaneiro de 2011 se aprobaba este Plan Xeral, de sobra coñecido, o BNG se posicionou en contra. Posicionouse en contra por moitas razóns, pero si que había algunhas concretas, non as vou nomear todas, evidentemente, pero había unhas concretas, que creo que son importantes. Unha delas, que saíu agora tamén no debate, entendíase que era un Plan Xeral extremadamente expansivo, extremadamente expansivo ata o punto que non se consideraba acorde co que debía ser o futuro desta cidade. Falábase do dato de que é un Plan Xeral, que aspiraba a ter máis de 300.000 habitantes, aínda que evidentemente sabemos que esas son cuestións teóricas para o seu desenvolvemento, a desenvolver en dez anos e, evidentemente, pois aínda que esa nunca vai ser a realidade á que se chegue, dende logo, marca un rumbo da cidade, que posiblemente non sexa o máis correcto... Nós diciámolo naquel momento, e cremos que co paso do tempo quedou demostrado que así era.

Naquel momento tamén cuestionabamos outras cuestións, como son, en concreto, os urbanizables da zona rural, en concreto algúns deles que agora si que desaparecen, como é o de Bocamaos, o de Pedrera e os dous de Fixós. Dous urbanizables, que entendíamos que estaban totalmente fóra de lugar do que debe ser o urbanismo de Lugo, pero que efectivamente, como digo, nesta modificación si que desaparecen. Ao igual, que tamén, porque si que se melloran algunhas cousas nesta modificación, o grafiado dos cauces fluviais, que curiosamente aparecían no no Plan Xeral do ano 1991, pero no do 2011 desapareceron, e algúns ademais moi chamativos, como pode ser o do Rato. O Rato desaparecía a altura de Frigsa cando é evidente, ademais queda dentro de la cidade, que o Río Rato pois continúa augas arriba.

Como dicía, efectivamente, esta modificación do 5% mellora algunhas cousas. Algunhas cousas que, evidentemente, pois eran moi necesarias. Mais segue sendo parte dun Plan Xeral co que nós non concordabamos no pasado. Ademais facendo unha análise na que creo que acertamos en moitas cousas, e polo tanto pois seguimos sen concordar na actualidade. Porque o plantexamento de urbanismo actual para Lugo, nunha cidade que ten un crecemento suave, un crecemento moderado, debe apostar principalmente por rematar os entramados urbanos, que non están rematados, e tamén apostar por rehabilitar barrios, que hoxe en día foron quedando máis desocupados.

E, precisamente, para poder levar adiante iso, é preciso ter un plan xeral que incentive esas cuestións, e crear grandes bolsas de solo ao redor da cidade -que era a análise que se facía naquel momento- é evidente que vai desincentivar que se poidan rehabilitar os barrios históricos e vai desinventar que se poidan unir eses entramados.

Dicía antes que dende que a mediados da década dos 2000, que é cando se comezou a ter relación pois máis en serio deste Plan, a sociedade cambio moito, a

economía cambio moito, a cidade si que é certo que durante uns anos medrou, pero non medrou o que se consideraba. E por iso se fixo un evidente erro de cálculo do que debía de ser este plan, que fai que, efectivamente, aquelas cuestións coas que discrepabamos, pois acabasen por non funcionar.

Os tempos cambiaron moito e eu estou convencido, incluso, que posiblemente as persoas que estaban naqueles anos no 2006-2007 ata 2011 aquí sentadas seguramente terían unha visión moi diferente do plantexamento urbanístico que había que levar.

En todo caso, agora temos este documento. É un documento que vén dende tempos atrás e que hai que xestionar. E haberá que xestionar o mellor posible para que esta cidade se poida recuperar, que se poidan recuperar os barrios históricos, que se poida apostar por unha maior rehabilitación e non por un expansionismo totalmente fóra de lugar. E por tanto, en consecuencia con esto, é porque entendemos que se debe avanzar nese camiño, imos manter a nosa posición histórica, imos manter o voto en contra do Plan Xeral, aínda que este sexa para a modificación deste 5 %, aínda que, como dicía, corrixe cousas que nós cremos que son importantes, como son a supresión dos urbanizables (destes catro urbanizables) ou como é que se grañen todos os cauces fluviais que quedaban pendentes.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Muchas gracias, Alcaldesa. Yo creo que nadie en esta ciudad puede negar la buena disposición del Partido Popular para sacar adelante el Plan General de Lugo. Mis compañeros de anteriores corporaciones y nosotros mismos hicimos desde el primer momento todo lo posible para mejorar este documento. Que no es nuestro Plan General, que ni siquiera es un buen Plan General, pero que es cierto que es mejor que no tenerlo.

Hemos recorrido parroquias, hemos recorrido barrios, nos hemos reunido con miles de lucenses y hemos ayudado a miles de lucenses a tramitar alegaciones y mejoras a este Plan. Seguimos atendiendo a diario a decenas de lucenses que necesitan consultas o aclarar dudas sobre este Plan General. ¿Como poden acusarnos de distorsionar cuando el Partido Popular ha votado a favor de este documento en varias ocasiones y sigue trabajando a diario, como el que más, para mejorarlo y para ayudar a los lucenses?

La diferencia es que siempre habíamos tenido tiempo para analizar esta documentación. Y aquí hoy le digo y le confirmo que vamos a seguir con esa filosofía de política útil, en la que no caben sectarismos, y que se apuntala únicamente en el trabajo y en la búsqueda de consensos para buscar un Lugo mejor.

Pero hablaba el Concejal de incerteza e inseguridad en 11 años, y nadie nos puede pedir, siguiendo esa misma filosofía, que firmemos un cheque en blanco. En dos días no se le puede pedir a nadie que analice un documento de esta envergadura y con esta repercusión. Hay que chequear más de 300 documentos, 30 planos, que

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac3538502061392451830.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17 DE XUÑO DE 2022

afecta a más de 20 sectores, a más de 80 núcleos en el rural, 80 y pico modificaciones de fichas en el Plan General. La realidad es que usted presentó este Plan General el 6 de junio ante los medios de comunicación, que el día 7 de junio le pedimos por escrito una reunión. Le imploramos por escrito una reunión y acceso a documentación y hasta el día de hoy no hubo esa reunión ni se dignó a recibirnos. Lo cierto es que el total de esta documentación la recibimos porque nos la envió por correo electrónico a las diez y pico de la mañana de este martes el concejal de Urbanismo.

Minutos antes de esa Junta de Portavoces en la que le dijimos que todavía no habíamos tenido tiempo ni siquiera de ver la envergadura de la documentación que había que analizar ni el volumen de trabajo que necesitábamos. Somos un partido responsable, que no solo analiza en detalle la documentación, sino que además consultamos y coordinamos nuestra respuesta con una serie de técnicos y de expertos en la materia, así como de afectados. Por cierto, para principios de la semana que viene tenemos todavía programas reuniones para concretar esas consultas.

Ante esta situación, señora Méndez, aprovecho esta intervención para pedirle de nuevo que deje sobre la mesa este asunto y que aplace esta votación. Después de 11 años, un retraso de una semana en la aprobación no creo que supongan ningún tipo de problema. Y sí garantizaría el tiempo suficiente para poder analizar esta documentación y consultarla con afectados y con expertos. Y corregir si es necesario algún error, si es que los hubiere. Esta es la oferta que lanzamos, y, si no quiere una votación más, nuestra voluntad de diálogo, como digo, sigue siendo la máxima. Pero tiene usted que aceptar esta propuesta. En la vida, señora Méndez, lo más importante es saber la realidad de cada uno y los recursos de que dispone. De lo contrario, es hacerse trampas al solitario y vivir en un mundo onírico. Se lo resumo de otra forma, usted sabrá si los cheques que ha firmado para mantener hoy esta votación en el pleno tienen fondos para pagarse, o si simplemente ha emitido un cheque que no puede pagar. ¿Usted es consciente de que tiene 8 concejales de 25? ¿Usted es consciente de que necesita 13 votos para aprobar este plan general? ¿Usted es consciente de que no los tiene? ¿Que nos está pidiendo? ¿Un acto de fe? ¿Un acto de fe que ni siquiera el BNG, que es su socio de Gobierno es capaz de tener? ¿Nos está pidiendo un acto de fé con 48 horas para mirar una documentación? Ustedes fueron muy ágiles para conseguir un bigobierno en horas y ser el Gobierno más caro de la historia de esta ciudad. Pero no fueron tan ágiles para llegar a un acuerdo de apoyo mutuo en este tema. Por tanto les pedimos que tengan esa misma fe y esa misma agilidad que habían tenido. Usted está sola y el BNG está con usted por el dinero. Es la realidad, y por responsabilidad le pedimos dos cosas, dos cosas muy simples: la primera es tiempo. Le pedimos que aplace este pleno, esta votación, hasta finales de la semana que viene o hasta el pleno ordinario del día 30. Para que nos de tiempo a analizar toda esta documentación y a hablarlo con interesados y con expertos en la materia como tenemos programado. Y la segunda es humildad. Humildad de reconocer que no tiene los apoyos suficientes, humildad para escuchar a quien le tiene que apoyar para el Plan General, humildad para reconocer su situación de



minoría absoluta en este pleno y sobre todo para llegar a los consensos que necesita.

Y ya le avanzo que no vamos a participar más en este debate, porque aguardamos que su humildad y su bonhomía la lleven aceptar estas peticiones que le hacemos: de tiempo y de humildad. De lo contrario ese acto de fe que nos pide nosotros no lo podemos hacer. Esperemos que consiga convencer a sus socios de gobierno, aunque mucho me temo que en usted no confían.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos a segunda quenda: 3 minutos para o Delegado da Área de Urbanismo Sostible.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moi ben, moitas grazas. É certo que hai unha petición de que quede sobre a mesa. Non sei se é unha formulación dentro da retórica expresiva ou se é unha petición formal, que debe... (voces de fondo inintelixibles) ... Eu non a coñezo, entón entendo que debería abordarse esa petición... Pois fago uso deste turno, no que serei moi breve.

Dixen que non ía falar do pasado, porque creo que nada nos aporta, máis que en todo caso experiencia para poder afrontar o futuro. E a veces pouca, porque se non temos as luces moi largas para diante, as de atrás sempre alumaron menos. Pero, en que momento estamos? Estamos nun momento intermedio de tramitación administrativa -créanme, puramente administrativa- dunha parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo. Estamos abordando fundamentalmente cuestións técnicas, cuestións que resolven o informe desfavorable, con reparos, con aportacións, da Consellería correspondente da administración autonómica. Non estamos falando nesta fase tanto da perspectiva ou do plano ideolóxico do Plan, senón como da súa tramitación administrativa. A ideoloxía plásmase na aprobación inicial, que despois cercenan os técnicos, que para iso están obrigados ao deber do cumprimento escrupulosísimo da lei e da norma, e en todo caso, na aprobación definitiva.

Se este trámite non se produce, nunca pode haber aprobación definitiva. Nunca pode haber aprobación definitiva. Nin que nos disguste, nin que nos compraza. Aí é onde entendo que hai que plasmar a ideoloxía. Non obstante eu respecto escrupulosamente tamén a posición e a visión de cada un dos grupos. É certo que llelo levou a dicir: se non sae adiante esta formulación, a min prodúceme certa pena, non pola implicación que eu tivese nela, pois por una cuestión cronolóxica non me deu tempo a ter tanta, non levo dez anos traballando no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo, senón por aqueles que realmente tiveron o esforzo, que tiveron unha implicación moi importante para isto: os técnicos municipais. Dende o anterior xefe de servizo de Arquitectura, que se implicou para poñer en marcha o desbloqueo desta situación, á actual responsable de planeamento no Concello de Lugo, nova xefa de Servizo de Arquitectura. pero de dúas persoas en particular que tiveron unha implicación persoal, máis aló do profesional, para que isto puidese chegar a ser de deliberado polos que menos saben de urbanismo de todo o Concello e de toda a Xunta: os políticos, o interventor e coordinador da Área de urbanismo e ordenación do territorio...

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac3538502061392451830.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17 DE XUÑO DE 2022

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz de Ciudadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. Pues mire, más allá de la retórica y de los enfrentamientos entre partidos, si somos responsables con nuestra posición, lo que verdaderamente hay que analizar es si este plan, este 5 % del Plan, debe salir o no debe salir.

¿Cuál es la respuesta? En mi opinión, la respuesta es que debe aprobarse. La siguiente pregunta es: ¿de quién es responsabilidad aprobarlo? Desde luego, no de la oposición, no es nuestra responsabilidad. Y nosotros sí tenemos derecho a decir que no nos gusta el Plan y, como en nuestro caso, decir que nos abstenemos. Tenemos derecho.

Sin embargo, en el Gobierno, o al menos en una parte del Gobierno, en la que tiene que ver con el BNG no hay esa coherencia, porque lo que tiene que entender el BNG es que ya no son oposición, es que son gobierno y ustedes tienen una responsabilidad, y si en su día votaron en contra porque no les gustaba el Plan, cosa que podemos compartir, pues rectificar es de sabios, y ahora a lo mejor toca rectificar y toca votar para que esto salga. Lo que no se entiende es que un partido de gobierno no esté a favor de votar algo que propone su propio gobierno.

Eso es un sinsentido, además de ser incoherente, y si me lo permiten, y desde el respeto, casi ridículo. ¿Se dan cuenta de la bicefalia? ¿Se dan cuenta del ejemplo que le están dando a Lugo? Porque aquí la culpa no es del PP, que puede tener más o menos razón, de que se le de la documentación o no, es que aquí lo ridículo es que una parte del Gobierno vote que no. ¿Qué van a hacer en todos estos...? ¿Cómo le van a explicar a la gente que efectivamente hay un Plan, que ha dicho usted, señor Arroso, con esta intervención, que es buena... Que es buena para la gente a la que afecta, que viene bien, que está de acuerdo con las modificaciones, pero que vota en contra. ¿Se puede ser más incoherente? Tienen que votar a favor. Tienen que sacar este plan. Y esa responsabilidad es única y exclusivamente de ustedes. Porque el apoyo del Partido Socialista ya no tienen, nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Queda agora para o portavoz do Bloque Nacionalista Galego.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Está claro que a comprensión pois non é a máis acaída. En ningún momento dixen que estes cambios fosen bos para a xente, dixen que estes cambios melloraban problemas que si que tiña este Plan Xeral, que nos entendíamos, pero non que esta modificación do Plan Xeral sexa a acaído, nin moito menos.

Elimínanse cuestións, como estes urbanizables, que eran unha auténtica barbaridade. Elimínanse cuestións como os cauces fluviais, que non aparecían debuxados, corríxese, inclúense xa que non aparecían debuxados, que dende logo é importantísimo, pero segue mantendo cuestións nas que nós non cremos.

E aquí tamén entre a confusión. Non se pode confundir o goberno co pleno. E cada un ten as súas competencias. A aprobación do Plan Xeral é competencia do Pleno, non do goberno. Por iso o estamos debatíndo aquí, senón se aprobaría en Xunta de Goberno.

Entón cada un tamén ten que saber as competencias que ten cada cuestión e cal é o seu papel en cada sitio. E non me alongo máis, porque creo que xa quedou perfectamente manifestada a nosa posición, que é unha posición na que ademais non dimos titubeos, mantivemos sempre dende do mesmo momento, dende os compañeiros e compañeiras que estiveron no mandato do 2007-2011, do 2011-2015 e agora. Foi unha posición que se mantivo durante este tempo e, como dicía antes, creo que o tempo deu a razón ás análises que o BNG fixo durante máis de dez anos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda para o Portavoz do Goberno, Delegado da Área de Urbanismo Sostible: un minuto.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Pois moitas grazas. Supoño que será predicar no deserto, pero eu fago un último chamamento. Un último chamamento, para non perder a perspectiva todos.

A responsabilidade de aprobar este trámite é da Corporación, e o seu voto, señor Vidal Pardo, vale exactamente o mesmo que o meu. A única diferenza entre vostede e eu é que eu cumprín co meu exercicio, creo, responsablemente, de impulsar a súa tramitación e que finalmente poidamos estarnos pronunciando sobre este aspecto e sobre esta parte do Plan Xeral. Eu o que pido é iso: a altura de miras suficientes para que a algarabía das formas non nos faga perder de vista e perverter o rigor do procedemento que ata agora foi escrupuloso. Moitísimas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Bueno, en primeiro lugar, dado que é un tema importantísimo para o Concello, me gustaría que o Secretario tamén fixese unha aclaración, se se cumpriu rigurosamente coa legalidade no procedemento para poder traer hoxe aquí a Pleno este punto.

- **SECRETARIO:** Si, desde el punto de vista del procedimiento no hay ningún tipo de irregularidad. La convocatoria estaba bien convocada, en plazo, la documentación estaba en Secretaría, a disposición de todos los concelleiros. Desde el punto de vista formal o procedimental, no hay ninguna tacha de ningún tipo. Y si la hubiese yo la hubiese puesto de manifiesto.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Dado que hai un escrito de pospoñer o pleno, que sería deixar o punto enriba da mesa, pois en base ao artigo 92 do ROF, imos proceder a votar se o asunto queda enriba da mesa ou seguimos pois co seu procedemento, e polo tanto pois imos facer agora a votación para deixar ou non o asunto enriba da mesa.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac3538502061392451830.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17 DE XUÑO DE 2022

### **(Pródúcese a votación da solicitude de de adiar o asunto, que resulta rexeitada)**

Pois, entón seguiríamos coa orde do día establecida para facer a súa votación.

É certo que podemos compartir todos os aquí presentes, porque ademais xa se manifestou, que este ao mellor non sería o PXON que se adapta á situación actual, pero tamén entendemos que é necesario finalizar este proceso, aínda que só sexa por ter a capacidade de poder modificar e seguir modificando este documento tan necesario para manter as certezas e as garantías xurídicas no ámbito que está todavía sen aprobar.

Este documento é froito do traballo entre Xunta de Galicia e Concello, lévase máis dun ano mantendo distintas reunións, moitas delas presenciais, moitas delas vía informática, moitas delas telefonicamente.

Eu aquí tamén quero agradecer o traballo da Directora Xeral de Ordenación do Territorio, de Encarna Rivas, que sempre estivo pois moi receptiva e moi colaborativa, para poder chegar a este documento, que hoxe aquí se presenta para a súa votación. Documento que nace dun proceso xa iniciado, porque hai que recordar que o documento en si, o groso do documento foi aprobado inicialmente en pleno o 30 de xullo do ano 2020. E o que se fai agora é corrixir e atender sobre todo ás esixencias da Xunta de Galicia que nos transmitiu no documento presentado en Rexistro, con data 15 de outubro do 2020. É dicir, hai case ano e medio que estamos traballando para levar a cabo e ter en conta as suxestións que se nos facía por parte da Xunta de Galicia.

E como ben dixo o concelleiro, isto trata de atender a estas e demandas, de cuestións puramente técnicas, cuestións que nos solicitaba a Xunta de Galicia para poder informar, que aínda unha vez aprobado no Pleno tería que ir á Xunta de Galicia para o seu informe definitivo, e o que imos aprobar aquí, o que se vai someter a votación aquí, é a aprobación deste documento, para que poida ser informado por parte da Xunta de Galicia, e así finalizar un proceso, que como ben se recordaba, se aprobou ese 95 % no ano 2012, e que despois dunha década creo que, polo ben da cidade, é bo cerrar este proceso.

É certo que houbo algún erro informático nese sentido, pero que a documentación estaba a disposición. É certo que por parte do Concelleiro tamén se lle propuxo nesa comisión pospoñer a propia comisión, e polo tanto de solicitar esa comisión para outra data se houbera xa automaticamente posposto a realización do Pleno, e non é menos certo que é, tremendamente necesario, como digo, pois, aprobar este documento. É como ben se dixo aquí, e reitero, esta é unha responsabilidade non do Goberno, porque senón temos outros órganos onde aprobar a documentación, senón que é un dos poucos documentos que ten que ser aprobado no Pleno. E polo tanto todos temos a responsabilidade e todos somos responsables dos nosos actos, para poder aprobar este documento.

E reitero, non é o que posiblemente ningún de nós tivéssemos aprobado inicialmente, pero é o documento que está agora en vigor, e que ademais é o documento que lle vai dar certezas e garantías xurídicas, sobre todo neses... tal e

como lles comentaba, tamén, e trasladada pois nesa Xunta de portavoces, onde facía unha visión xeral do que supón este documento, que nesa Xunta de Portavoces si que é certo que era coñecedora, porque mo trasladara o Concelleiro, pero non se me trasladou por parte da oposición a falta da documentación. Nesa visión xeral que daba, ese 5% non aprobada, que se trataba de limitacións territoriais e falta de xustificación de distintos urbanizables. É dicir, todo cuestións técnicas, pois atendendo ao requirimento da Xunta e fixando as correccións conservadas na Dirección Xeral de Urbanismo, que ademais se velou ao máximo o respecto de incluír en plan atendendo á súa vez as esixencias da Xunta, como dicía. Pois trataba eses dous temas de aspectos fundamentais. Por un lado a homoxeneidade do solo industrial, garantizando a expansión daqueles con máis potencial, nun momento onde é tremendamente importante darlle continuidade e seguir incrementando para dar resposta e seguir atraendo empresas á nosa cidade, porque a seguridade xurídica ás empresas que debido á suspensión carecían dela, por una banda e, por outro lado, dando resposta a eses núcleos rurais garantizando a pervivencia tamén das situacións consolidadas e sempre pensando en impoñerlle a menor carga posible aos propietarios.

É dicir, trátase da continuidade dun expediente, que se aprobou, como recordo, inicialmente o 30/07/2020, que se aprobou como se ten que aprobar este documento, que é con maioría absoluta e que atende a cuestións meramente técnicas que nos trasladou a Xunta de Galicia para a inclusión neste documento e así poder aprobalo definitivamente, que é o que imos votar neste momento.

**(Prodúcese a votación sobre o fondo do asunto)**

Pois, dada a votación, non quedaría aprobado este punto. Levarase na seguinte sesión plenaria, que se establezca para tal fin. Moitas grazas e moi bo día a todos e todas.

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do expresado día dezasete de xuño de dous mil vinte e dous, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.**